



Editorial

O máximo consenso que caracteriza á vida política española desde o abandono da Ruptura Democrática e a aceptación da Reforma Política, deica o pacto da Moncloa e a elaboración da Constitución repousa nas esixencias do equilibrio económico, político e militar imposto en Europa polas superpotencias a cuxo son se baila.

Non hai moito que J. L. Aranguren definía o presente político en España como un sistema onde as forzas maioritarias se disputan a mesma clientela con vontade transideolóxica, solapándose escalonadamente AP-UCD-PSOE-PCE, e onde a militancia, no partido que a tivo, é substituída pola maquinaria electoral. Isto é o que xustifica o abandono do leninismo polo PCE no seu último congreso así como a caída da carauta marxista do PSOE cando xa lle parece improbable a consolidación dunha alternativa socialista a nivel do Estado.

Un sistema de alternancia controlada que leva consigo a perda das referencias definitorias entre esquerda e dereita deixa como única referencia a nebulosa sobre da que flotan os actuais sistemas políticos: a maioría silenciosa.

Frente á clase, ó pobo ou ás masas, a maioría silenciosa carece de representación, non se expresa, non reflexiona, ninguén pode falar no seu nome. Unicamente pode ser interpretada. Os sondeos reemplazan á formación dunha opinión política. E no fondo tampouco interesa que a produzan, abonda con que reproduzan a imaxe neutralizada dese espallo político chamada «opinión pública», que efectúen o contraste de normalidade cun «home da rua» sin destino final.

A maioría silenciosa nin siquiera ten de ser alienada, pois ela é a forma de alienación absoluta, impermeábel a todo esquema de liberación. Velaí a reviravolta deste proceso que conduce á esterilización de todo potencial revolucionario.

O poder entendido como unha estrutura, unha estratexia ou unha correlación de forzas deica entón, convírtese nunha mercancia máis, suxeita á lei da oferta e da demanda totalmente espida de dimensión política. Espectáculo grotesco no que as esferas políticas xa non representan a nada nin a ninguén. O Parlamento, poñamos por caso, non é máis que unha Cámara de autómatas, onde igual que polichinelas ou monecos mecánicos— os parlamentarios xesticulan accionados desde os pasillos, que é onde se toman realmente as decisións. (Recorde-mos a vergonzante saída polo foro dos Socialistas de Catalunya cando tocaba a votar na Comisión constitucional a inclusión do dereito á autodeterminación).

E non é difícil reducir á condición de maioría silenciosa a un pobo que coñeceu o sabor do medo e do silencio mascados durante cuarenta anos. A estratexia do poder repousa para a dereita na apatía das masas. Pero a esquerda non debera esquecer que da decepción, do silencio das masas, da morte da súa vontade nunca xurdirá o socialismo.

Neste universo político, onde tan só a ficción está a salvo, onde os feitos non teñen xa unha traxectoria propia senón que responden á estrutura dun modelo establecido, as autonomías serán as bolsas de contención que amortigüen o único factor desestabilizador: a esquerda nacionalista.

Mais a autonomía nun pobo expoliado e asoballado pódese converter nun poderoso boomerang. A Xunta de Galiza tiña por iso que pechase e buscar o aval dun galeguismo menopáusico e toconesante na impoluta torre de almas do suprapartidismo que unicamente se representa a si mesmo. Cecais porque as novas xeracións teñen recollido xa hai tempo o asulagado soño deste pobo axonallado. Sabemos que a primavera é inexorábel. E chegará e para sempre. Por eso loitamos.

O SENSO DO CONSENSO



O 28 DE XUÑO:

NON PODIA SER

A conmemoración do 42 aniversario do plebiscito do Estatuto galego tivo unha significación ben diferente da que lle correspondía a tan sinalada data.

Plantexada inicialmente como alternativa ao 25 de xullo, pasaría a segundo plano por decisión da mesma Xunta, cujos membros non adoptarían unha posición unánime.

O binomio UCD-PC, nacional e progresista, encabezaría os actos e do seu saio colgaríase algún outro que non fora convidado ás primeiras convocatorias.

A publicidade non foi moita. Non se sabe se para xustificar unha previsiblemente escasa asistencia aos actos ou para apoiar os argumentos da dereita sobor da feble vontade autonómica do pobo galego.

Os grandes ausentes foron os partidos nacionalistas e no noso caso, non por antiautonomistas, carentes de todo pragmatismo político, senón por establecer unhas diferencias que simultaneamente e por pés marcaban os traballadores de Astano nas ruas de Ferrol.

¿Paranoia das bases ou esquizofrenia dos cumios?

En Vigo, un traballador de Ascón abriu o acto denunciando públicamente

a actitude do tándem organizador: UCD-PC ante o seu conflito.


Mentras se intente disociar a opresión nacional da explotación de clase, os bicos dos cumios seguirán chegando as bases en forma de balas de goma.

Excluídos da Xunta, esquecidos cando peta, convocados cando convén, «pasotas» do socialismo e do nacionalismo secundarían toda iniciativa que lles permita estar no poleiro.

O 28 de xuño en Galiza non foi unha festa. Non podía serlo.

TABOA

- Editorial
- Plataforma galega da cultura
- Castela e máis León na percura da súa orixe
- Resposta a unha intrusión lamentable
- Os equívocos da socialdemocracia
- Consideracións sobor das eleccións a Cámaras Agrarias
- Cotización administrativa da pesca
- Imperialismo lingüístico e a conciencia galega
- A masacre dos armenios



PLATAFORMA GALEGA DA CULTURA

Hal meses vense estando unha organización das forzas que na Nosa Terra se preocupan pola cultura propia. Está fóra de toda dúbida, en consecuencia, que se trata das forzas verdadeiramente galegas e democráticas que, non desde hoxe nin desde onte, desde moitos anos atrás, en pleno franquismo, cando a represión no específico terreo cultural —como en todos— era máis dura, se mantiveron en primeira liña, na defensa da nosa esencia nacional.

Xa que non no eido político, onde toda conxunción nacionalista semella, de momento, inacadébel, cabe agardar un acordo mínimo cara levar unha política cultural coherente e operativa, cando tan deixado está o País en aspecto tan fundamental como ese, se é que os nacionalistas pretendemos erguer a conciencia nacional galega.

Daquela, e independentemente de que na vangarda da organización figuren as agrupacións culturais galegas, o P.S.G. non podía negar e mesmo tiña un interés cabal en apoiar e participar activamente, a través do seu Frente Cultural, nunha iniciativa que, co gallo do pasado Día das Letras, fixo a súa presentación na Cruña, baixo o nome de PLATAFORMA GALEGA DA CULTURA.

A un mes vista, séguese a traballar teimosamente nunha idea que o tempo dirá se calla como todos arelamos.

MANIFESTO DA PLATAFORMA GALEGA DA CULTURA

É un feito a marxinação e opresión cultural que Galicia sofre. Esta situación segue a se manter polos continuos atrancos que ten de aturar a liberdade de expresión en xeral e a cultura en particular. Tampouco resultan esperanzadoras as cativas perspectivas da futura autonomía, á que temos de lle dar un contido verdadeiramente popular.

Entendemos a actividade cultural como un obxectivo de primeiro orde cara a acadar a liberación integral do noso pobo. Compra daquela recuperarmos a nosa identidade, potenciando o noso herdo histórico na procura da súa actualización e posterior desenvolvemento.

A permanencia desta asoballamento cultural ten a súa orixe na dependencia económico-política que, xunto ao sometimento do propio idioma polo oficialmente establecido, nos impón o centralismo estatal do capital monopolista. A folclorización sistemática das nosas auténticas manifestacións ven sendo o medio máis claro de neutralización da creatividade popular.

Diante deste ruín estado de cousas, atopámonos cunha dobre falla: por unha banda, de medios e canles para o rexurdimento da cultura galega e, pola outra, dunha unidade e coordinación das forzas progresistas que o farían posíbel.

Xa que logo, vemos a necesidade de que as forzas políticas, sindicais, AA. VV., agrupacións culturais e demais organizacións de base se artellen para facer fronte a esta situación.

Propoñemos como obxectivo fundamental o espallamento e participación popular a todos os niveis da creación cultural en Galicia. Acordamos, daquela, constituir na Cruña a *Plataforma galega da cultura*, esforzándonos para que a nosa iniciativa medre e se extenda por toda a nación galega.

Agardamos tamén o apoio daqueles que dalgún xeito poidan colaborar nesta tarefa do rexurdimento da cultura en Galicia.

Novo cabodano dos mártires de Carral

A agrupación local do PSG da Cruña acudiu, en boa parte, a Carral, o serán do 26 de abril que pasou, para render sinxela homenaxe aos homes que en 1846 calaron fusilados por defender, nunha terra asoballada, uns ideais democráticos.

Allí ficou a monumental cruz ergueita «os mártires da liberdade» abranguida polas bandeiras galegas de tres forzas nacionalistas; e acolá se encamiñaron os membros do PSG ao veciño cemiterio de Paleio, onde xacen Solís e os seus compañeiros; pero por máis que percuraron ao longo e o ancho todo do adro, non foron quen de atopar a lousa correspondente cuberta pola erba: ¿non é isto mesmo un símbolo do adormecimento da nosa conciencia do pobo e da nosa ignorancia histórica, grazas, naturalmente, ás artes de quen, de milagre, deixaron en pé unha cruz acusadora, ceacais precisamente porque o descoñecemento popular do seu significado era xa de por si unha garantía de «ordex», un certificado de que nada cambiaría?

Pero hoxe outros ventos van soprando. E nós recolemos a idea publicada nun seman-



nario galego, de que ben lle cumpriría á vila da cruz adoptar o nome de Carral dos Mártires; que, unha vez debidamente informados, llelo propoñan así aos veciños... é a nosa suxerencia; álgar este topónimo redondeándoo, e acortar algún outro (como o de Ferrrol), sempre axudaría a limpar un chisco máis o noso emporcalleado horizonte... Así llo propoñemos tamén á Comisión Pro Toponimia de Galicia, que díxase que volver ao seu ser os destragados nomes da Nosa Terra.

LEMBRANZAS

En Marín finou, o 3 de xuño pasado, o compañeiro de 24 anos Ánxel Herrero Hermida, estudante da Dereita.

Lembramos o seu labor en prol do Partido —moi especialmente co gallo da campaña electoral de hai un ano— e non podemos ocultar o noso pesar por perdelo tan mozo, canto tanto podían agardar del o País e máis o P.S.G.

No pasado mes de Abril finou o noso compañeiro de Malpica Manuel Garrido Casal (Mariñeiro).

Galicia Socialista lémbrese deste compañeiro que agardaba como nós unha Galicia Ceibe e Socialista.

III Concurso de traballos infantís do San Xusto

Con ledicia damos conta dun concurso literario cuxa convocatoria chegou hastra nós. A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO SAN XUSTO, de San Xurxo de Sacos (Cotobade), convoca o III CONCURSO DE TRABALLOS INFANTIS, ao que poderán concurrir, en prosa ou verso, con máximo de 4 follas, rapaces de menos de 16 anos, con traballos referentes á BISBARRA DO LEREZ, nos aspectos económico, histórico ou folclórico.

Os orixinais, por duplicado, hanse mandar ao apartado 214 de de Pontevedra, admitíndose os que cheguen antes do día 1.º de xullo.

O premio, único para nenos será de 5.000 pesetas, un lote de libros e unha suscripción a «Vagalumes»; habendo un outro de 2.000 pesetas para o escolante que máis colaborara co neno gañador.

Este III CONCURSO DE TRABALLOS INFANTIS fallarase o 25 de xullo e entregarase o domingo día 6 de agosto, ás 7 do serán, durante a romaxe na carballeira de San Xusto.

Sólo nos resta agadriar, pola nosa banda, que ogallá dure «Vagalumes» —hoxe en risco inminente de morte—, para que o premio poda ser cabal, e para non perdermos unha estupenda realización a prol dos rapaces, que tanto necesitan destas cousas, como Galicia necesita deles: por eso comezabamos dicindo que nos dá ledicia o III CONCURSO DE TRABALLOS INFANTIS DO SAN XUSTO. Que, amais, nos trae á memoria aquela cantiga popular de tanta sona:

Carballeira de San Xusto
carballeira derramada:
na tua corredoiña
perdín a miña navalla.

DIA DAS LETRAS GALEGAS

En Ribadeo:

A «Agrupación Cultural Francisco Lanza» organizou unha mesa redonda sobre «O galego no ensino».

No Instituto Nacional de Bachillerato conferencia sobre «López Ferreiro e a conciencia histórica de Galicia» a cargo de Eduardo Gutiérrez.

En Fonsagrada:

Ciclo de conferencias organizado polo Teleclub. Faláron: Bernardino Graña, López Taboada e Eduardo Gutiérrez, sobre Literatura, Historia e Cultura, respectivamente.

En Villalba:

Conferencia de Siro.

PRESENTACIONES DO P.S.G. NO BARCO DE VALDEORRAS, A RUA E A ESTRADA

No Barco de Valdeorras e na Rua de Patín por unha banda e máis na Estrada pola outra, celebrouse cadanseu acto de presentación do P.S.G.: cara á implantación do Partido naquelas zonas, expuxéronse os programas e os xeitos de os realizar, tendo en conta as circunstancias en Galicia e no Estado, e procurando satisfacer, en cada caso, o interés da xente pola nosa ideoloxía.

O MINISTRO FOISE: AS NOSAS CARRETERAS SIGUEN

No mes de abril veu a Galicia o Sr. Garrigues Walker, ministro de Obras Públicas y Urbanismo, para ollar personalmente o estado das nosas carreteras. Ao remate da súa visita, consoulounos dicindo que as carreteras estaban moito peor do que el pensaba, que nunca creera que houbera carreteras tan malas nos nosos tempos, e cousas polo estilo. Pero as carreteras quedan...

No tocantes á polémica «T», que habería de unir a capital de Lugo coa súa costa e as cidades deste entre si, díxo que era moi necesaria, pero que polo de agora non había cartos. Pero valiamos ao millo da «T», pois a cousa ven de atrás.

Hai un ano, o Sr. Calvo Sotelo (entón ministro de Obras Públicas) veu a Lugo ofrecendo o ouro e o mouro, concretado na aportación de cartos para construír a «T» de marras. E a cousa iba adiantada, pois estudábase os distintos itinerarios posibles. Pero claro, isto era pouco antes das eleccións do 15-6. Pasaron as eleccións (gañándoas o conglomérado polo que se presentaba o Sr. Calvo Sotelo) e non se soupo máis do conto, pero supónse que quedou esquecido na grande caixa de promesas que certos políticos abran só nas súas campañas electorais. Hoxe, o Sr. Calvo Sotelo anda por Europa adiante ocupado doutras vías de acceso: as que nos abran o camiño para a nosa integración na Europa das Multinacionais (tamén chamada C.E.E. ou Mercado Común).

Hai moi pouco meses, un deputado lucense faulle unha pregunta no Congreso ao Sr. Garrigues Walker encol da famosa «T», para se enterar de qué é o que pasaba con ela, e respóndelle o Sr. ministro de dicidolle «para tranquilidade de sus electores» que esa «T» endexamais estivera proxeitada pola Administración. ¡Abóf que estivo gracioso...!

E o tempo pasa, cousa que se nota na carretera da costa. Un día derrubábase a ponte de Vilachá; outro día volca un dixestor de 430 toneladas que se transportaba nun convoi especial (détendose no talude da vía férrea, pola que pasaba un tren de viaxeiros minutos despois). O estado da carretera é calamitoso, e hastra os alcaldes da costa ameazan con dimitir se non se amaña.

Un día de febreiro, sábese que os fondos previstos para amañar a «Travesía de Villalba» se van utilizar para amañar uns kilómetros da carretera da costa lucense (o tramo Xove-Vilveiro). E a cousa estoupa. O Pleno do Concello de Villalba acordou pedir a dimisión do Gobernador Civil de Lugo, aínda que non faltou quen dixera que habería que apuntar máis enriba.

Estando así a cousa, o Sr. Garrigues promete visitar en canto poida a provincia de Lugo, para «enterarse personalmente del estado de sus carreteras». E faíno en abril, deixando ben claro desde o primeiro momento que víña debido a la presión ejercida por los parlamentarios de U.C.D. de la provincia de Lugo —para que non nos esquezamos de a quen lle temos que pagar o favor—. Por se non quedaba claro dabondo o senso do seu viaxe, e para podelo capitalizar mellor nas próximas eleccións, a roda de Prensa celébrase en Lugo... na sede de U.C.D.

Despois, o Sr. Garrigues voltou para Madrid (pero as nosas carreteras siguen...). Entre as súas «compasivas» declaracións, díxo: «No crei que quedaran carreteras tan malas», pero o que ceacais non sabía é que unha semana antes de vir el andivéron tapándose os baches máis gordos da carretera da costa, como recolleu oportunamente un xornal editado en Galicia. ¡Para que se faga unha idea de cómo estaría...!

E foise o Sr. Garrigues, pero sigue o problema de fondo das nosas desastrosas comunicacións. E é que, por riba da demagogia e as declaracións triunfalistas, as máis das carreteras galegas atópanse nun estado caseque intransitábel, construíndose namentras unha AUTOPISTA que supón unha inversión duns 70.000 millóns de pesetas. A cousa é paradoxica e á primeira ollada inspicábel, pero hai claves que axudan a comprender. Vexamos dúas:

Nun reportaxe de «Sábado Gráfico» encol da «Autopista del Atlántico» decíase: «... el timo de la Autopista se agrava cuando es ministro de Obras Públicas y Urbanismo un hombre que representa a la Liga Financiera (vinculada a Rockefeller) en España: Joaquín Garrigues Walker es juez y parte en el asunto de Autopistas del Atlántico, S. A., concesionaria que recibe créditos de aquella entidad multinacional».

Otra clave pode ser a reportaxe de «Posible»: «Los amos de España. En la democracia mandan los mismos». Aparece Don Joaquín Garrigues Walker como vocal de «Autopistas Concesionaria Española, S. A.», amais doutros cinco cárgos en distintas Sociedades, como «Euroholdings», etc.

Non imos entrar a fondo neste artigo no par qué da Autopista, nin no par qué non doutras alternativas existentes para construír un sistema de comunicacións axitado para Galicia, como pode ser a do C.I.E.S. Simplemente queremos deixar as dúas claves das moitas que pode atopar calquera observador crítico.

O que si está moi claro é que o Sr. Ministro foise, pero aquí todo sigue igual, e que os espectáculos pasan, e as promesas lévasas o vento, pero as realidades quedan.

OS EQUIVOCOS DA SOCIALDEMOCRACIA

Unha encrucillada de ci

No congreso de Epinay, celebrado en xuño de 1971, M. François Mitterrand e máis os «históricos» mantiveron unha enmenda que pretendía eliminar dos Estatutos a pertencia do novo partido á Internacional Socialista (1). 27 de novembro de 1976: na enorme sala de conferencias da OIT en Xenebra ábrese o XIII Congreso da Internacional Socialista. O presidente da solemne sesión de apertura chámase François Mitterrand. O seu discurso programático encol de «O socialismo democrático no mundo de hoxe» dá lugar a tres días de traballos e debates que debían reactivar a organización e abrir o camiño do seu renacemento.

A Internacional Socialista representa hoxe unha potencia considerable: reúne 33 partidos membros que, entre todos, suman máis de 8 millóns de militantes; samente o S.P.D. alemán ten máis dun millón de membros. Perto de 100 millóns de persoas viven (en Occidente) baixo un goberno socialista, e, se se conta os cidadáns doutros países nos que os socialistas, sen seren maioritarios, participan de xeito decisivo na dirección do Estado, a cifra pasa dos 200 millóns.

Feito sorprendente: a Internacional, que acobilla algúns dos homes políticos máis cínicos deste século (Helmut Schmidt, de Alemaña ou Daniel Obduber, de Costa Rica), manténse aos ollos dos pobos como unha institución inchatábel cunha autoridade indiscutíbel. ¿Ilusión, falsedade? Non. A Internacional Socialista manexa a razón de estado da mesma maneira que manexa a moral de xusticia (2). Ela é, portanto, unha organización ambigua, equívoca. Por unha banda é unha a xeito de clube privado onde se reúnen os xefes e ministros de gobernos socialistas e pola outra, o sitio no que se entrecruzan as esperanzas onde se centran os soños de millóns de militantes. Pero, sobre todo, ela é un incomparable instrumento potencial para a loita de clases, a loita anti-imperialista.

Existe hoxe un socialista imaxinario, un «imaxinario de convocatión» (Regis Debray) (3). Este socialista imaxinario encárnase na Internacional Socialista, ou, por mellor decir, son as esperanzas inmensas que desatan nos pobos dominados do Terceiro Mundo os avances dos partidos socialistas de Europa as que se reflexan na Internacional Socialista. Cinco partidos árabes (o F.L.N. argelino, o Neo-Destour tunecino, a Unión Socialista de Exipto, a Unión Popular das forzas progresistas de Marrocos, el Baas sirio), catro partidos africanos, seis movementos latinoamericanos, están hoxe integrados na Internacional. A cal (Resolución de Madrid do 17 de outubro de 1977) apoia a loita do pobo saharauí. En setembro, Olof Palme dirixiu unha misión de solidariedade e información da Internacional Socialista en África Austral, a través dos cinco estados da «liña de fronte».

Mario Soares, Bernt Carlson e máis os delegados dos partidos francés, italiano, suízo, Irán daquí a pouco a México, Costa Rica, Venezuela e República Dominicana, co obxecto de estreitar os lazos da Internacional cos movementos socialistas de América Latina.

FRENTE AO EUROCOMUNISMO

A Internacional arrastra unha serie de vellos problemas que son perigosos e ás veces paralizantes. Existe, por unha parte, o problema de organización: o aparello da organización é feble. Un exemplo: o novo, e eficaz, secretario xeral Bernt Carlson (anteriormente secretario internacional do partido sueco) está instalado nuns cativos locais, en Londres, xunto con dous secretarios con dedicación completa e máis dous colaboradores con dedicación parcial. Non embargante, samente o Partido Socialista Italiano, cunha influencia relativa nos asuntos do seu país, ten só na súa sede central máis de 250 funcionarios con dedicación completa.

O XIII Congreso tomou decisións: o novo presidente, Willy Brandt —que ven a rematar felizmente coa era Pittermann (antigo presidente e ex vice-chanceler de Austra) esixe unha reforma e un reforzamento do secretariado, que debería, amais, ser sustraído á tutela do Partido Laborista inglés e abandonar a súa sede en Xenebra; mais, un ano despois do congreso, ningunha destas decisións se levou a cabo, curiosamente por falta de fondos.

Difícil problema, abofé: desde a época da presidencia Vandervelde e deica a II Guerra Mundial a Internacional está en situación de impoñer as decisións dos seus congresos aos partidos membros recalitrantes. Contra a razón de estado, ás veces trunfa a moral da xusticia. Leon Blum tiña suores fríos cando houbo de explicar a súa política es-

pañola á Internacional (4). Outro exemplo: en 1904 a Internacional, Congresos de Bruxelas e Amsterdam, impón practicamente a Guesde e a Jaurès a reunificación do partido francés (5).

O desequilibrio actual, que se acentúa a partir de 1945, entre a deficiente estrutura administrativa e financeira da Internacional e a importancia das estruturas de certos partidos membros (especialmente o alemán, o italiano e máis o austríaco), limita a capacidade de intervención e de control da Internacional cara a execución das súas decisións.

Segundo problema: un grande foxo separa aos partidos membros que practican unha política de unión da esquerda cos que, como os partidos alemán, escandinavo e austríaco, se opoñen radicalmente a toda colaboración cun partido comunista, sexa o que el sexa.

Xuño de 1972: firma, en Francia, do Programa Común. Algunhas semanas despois a Internacional xúntase en Viena. M. François Mitterrand e o partido francés fican isolados.

Maio de 1973: François Mitterrand reúne en Latche cos dirixentes dos partidos socialistas do sul de Europa: Mario Soares, Felipe González, Beno Craxi, os dirixentes do PASOK grego e os do Partido Socialista Belga. A postura do Partido Socialista Francés e a do seu Primeiro Secretario é a seguinte: «Trátase de saber cómo desenrolarmos nos nosos países a unión das masas arredor e máis cos partidos políticos que representan as forzas populares. O que plantexa o problema da alianza, da unión e máis da coesión entre o Partido Socialista e o Partido Comunista. Trátase para todos nós dunha opción socialista. Velaí a faciana nova, particular e moderna das nosas preocupacións» (6).

A comezos de 1976, os delegados da Internacional reúnen en Elsinor (Dinamarca). O conflito atópase no seu clímax: un violento incidente enfrenta a Helmut Schmidt e a François Mitterrand. Hoxe o conflito está en vías de solución. A política consecuenta, rixidamente unitaria, valerosa do partido francés acabou por impresionar mesmo aos socialistas alemáns.

Un novo conflito, máis perigoso e aínda máis carregado de ameazas que todos os precedentes, asombra hoxe á Internacional: trátase da loita que os países de África, América Latina e Asia manteñen contra a dominación imperialista exercida polos estados capitalistas do «centro».

A CUESTION DO TERCEIRO MUNDO

Cada día doce millóns de persoas morren de fame no noso planeta. O mundo en que moramos é un inmenso Auschwitz. Para as tres cuartas partes da Humanidade cada día, cada noite que pasa é un inmenso martirio. O mundo dos Estados é un mundo de fría crueldade, de cálculos de forza (e os estados socialistas non son unha excepción).

Os vellos marxistas alemáns (Horkheimer, Marcuse, Bloch) dixérono acotío: «A instauración do socialismo comeza por unha ruptura epistemolóxica». E coa destrución da vella palabra humanista, burguesa, xeradora de todas as indiferencias, de todas as baixezas, co que o fin do reino do capital comeza. Edgar Morin di: «A moral anterior ao fascismo, da que precisamente surge o fascismo, é, naturalmente, a moral humanista burguesa, «a que glorifica o home abstracto e cubre de silencio a morte cotiá do home concreto» (7).

Duas tendencias enfréntanse no seo mesmo da organización: a primeira é a dos socialdemócratas alemáns e anglosaxóns, para quen o obxectivo é a redistribución da renda nacional según parámetros de igualdade; a construción dun estado social e dunha Europa anticomunista encostada en América. Estes non poñen en tea de xuício nin o xeito de produción capitalista, nin a propiedade monopolista dos medios de produción, nin ningunha das estruturas básicas da desigualitaria sociedade burguesa.

De cara aos pobos asoballados do Terceiro Mundo, a postura do S.P.D. e do partido laborista inglés é sinxela: o aumento do produto nacional bruto, a acción «benéfica» das sociedades multinacionais, os imperios bancarios e, por qué non, de certos reximes «duros» de América Latina, Asia e África, todo isto é o que asegura a estes pobos da «noite» unha lenta e progresiva evolución cara o benestar. E para conseguir todo isto compre, de acordo co aliado norteamericano, combater os movementos revolucionarios «comunistas» e «anarquistas» do Terceiro Mundo, para o cal se emprega, financiado polos sindicatos alemáns, o Instituto Latinoamericano de Investigación Social (ILDIS), que deica 1964 tiña a súa sede en Chile e agora tena en Quito (8).

Os cartos do S.P.D. alemán dominan hoxe cabalmente a Internacional. A Friedrich Ebert-Stiftung é a súa fonte de financiación princi-

CIA nismos e esperanzas

JEAN ZIEGLER (*)



pal e os partidos socialistas portugués e español saben algo desto. A Fundación Friedrich-Ebert dispón dun enorme presuposto cuxa cifra real é un segredo celosamente gardado. Máis de trescentas persoas traballan somente no seu «departamento internacional», ten sucursais nun grande número de países, sobor de todo de América Latina (10). A súa dirección está en mans das personalidades máis reaccionarias do S.P.D., entre as que se atopa Walther Hesselbach, presidente do Bank fuer Gemeinwirtschaft (a principal institución financeira do S.P.D. e máis do movemento sindical), que dirixe o seu consello de vixilancia. A carón del áchase o presidente do IG-Metall (o sindicato máis importante) Eugen Loderer, o ministro de Defensa Georg Leber, o presidente do D.G.B. (Confederación de Sindicatos Alemáns) H. O. Vetter. Loderer e Vetter están íntimamente vencellados aos dirixentes norteamericanos e participan, a petición de David Rockefeller, na Comisión Trilateral, na que están hai anos Carter, Vance e Brzezinski, e, por tras de Vetter Loderer e Hesselbach está Helmut Schmidt, chanceler da nación máis potente de Europa, fiel aliada do poder americano. A Comisión Trilateral elabora a estratexia a longo prazo da agresión capitalista imperialista contra os pobos da periferia.

A segunda tendencia está dirixida polo partido francés. No último congreso de Nantes os seus dirixentes evocaron o «Imperio Xermano-Americán». Diante dos representantes do FRELIMO, do MPLA, do SWAPO (Namibia) e máis do ANC (África do Sul) e tamén de Carlos Altamirano (secretario xeral do P.S. chileno) François Mitterrand prometeu o apoio sen reservas do seu partido aos movementos que combate precisamente o ILLDIS.

Di François Mitterrand: ¿Cando se defende a liberdade e se avanza con coraxe compre mirar ónde se poñen os pés ou compre manter a ollada alta, sen nos ocupar doutra cousa, e decir a todo o mundo xustamente o que se pensa? Eu quero decir que nós temos o deber de intervir na conciencia universal e, se a oportunidade se presenta, sobre a política universal, cando nos chega o eco dos fusilamentos do Irán ou a Indonesia. ¡A lista é tan longa! Nós axudaremos aos movementos revolucionarios de independencia todo o que nos sexa posible (11).

Para os socialismos francés, escandinavo, belga e suízo a meta do movemento socialista é a unificación gradual de todas as forzas dun país (máis tarde, do mundo); a abolición da propiedade monopolística dos medios de produción, a transformación das relacións de traballo, a descentralización dos mecanismos de produción e de decisión e, en resúme, a creación de todas as condicións obxectivas necesarias para que poda nacer a liberdade, a conxunción das comunidades autoexencionadas de homes e mulleres responsábeles do seu destino. O obxectivo do movemento socialista é, por fin, facer desaparecer do mundo a fame e máis a tortura.

Pero a Internacional Socialista non é únicamente este par de proxectos diverxentes. As cousas son máis complicadas: o S.P.D. é hoxendía un partido profundamente dividido. En Hamburgo, o 15 de novembro de 1977, a esquerda e a dereita do congreso do S.P.D. enfrontáronse duramente a propósito da Berufverbot, a cuestión nuclear e a loita contra o «terrorismo». Ehmke dixo: «É un milagre que esta coalición de ideas tan diversas e mesmo contradictorias se poda manter».

ALA ESQUERDA E RAZON DE ESTADO

En 1976 efectuouse no S.P.D. un a xeito de «reparto tácito de competencias»: a ala dereita conserva o poder en Alemaña (gobierno, partido, sindicato) e a ala esquerda ocúpase da Internacional. A esto debeuse que Willy Brandt (presidente do S.P.D. sexa presidente da Internacional). Por tras de Brandt está Horst Ehmke. Home fascinante, orixinario de Dantzig, Ehmke chega a Alemaña Occidental logo da guerra. É profesor de Dereito na Universidade de Friburgo de Brisgovia, fai renacer os «Reuter Kreise» (especie de clubes de reflexión que levan o nome do primeiro alcalde de Berlín Oeste) que renovan o pensamento socialista alemán, abrindo así o camiño aos movementos estudiantís de 1968 e aos Jusos dos anos 70. Foi ministro conselleiro con Brandt, o seu xefe de gabinete. Despois da dimisión de Brandt convírtese en xefe da ala esquerda do grupo socialista do Bundestag e o seu portavoz en política internacional. Algún dos seus amigos como Karsten Voigt, antigo presidente dos Jusos e hoxe deputado por Frankfurt, soportan todo o peso da hostilidade de Helmut Schmidt. O prestixio internacional de Brandt, o cerebro político de Ehmke e o discreto apoio de Egon Bahr (secretario xeral do S.P.D.) fan que o novo equipo alemán, situado en cabeza da Internacional, faga concebir aos progresistas de todos os partidos membros certas esperanzas. ¿Esperanzas fallidas? Non, pero a razón de estado alemán ou, máis precisamente, xermano-americá, parece pesar fortemente sobre o actual presidente da Internacional, mesmo a pesares del. As conferencias rexionais decididas polo XIII Congreso celebrado en Xenebra, e destinadas a levar a idea socialista a rexións de alenmar, foron anuladas: a de Dakar non terá lugar, a de México (ou Caracas) retrásase «sine die». A admisión de partidos irmáns árabes está bloqueada. En materia de política do Próximo Oriente, Yitzhak Rabin (vicepresidente da Internacional) fai a lei. Dúas misións Kreisky ao Oriente Próximo non deron lugar a nada concreto. A Internacional ten estado decote ausente do conflito palestino-israelita.

Hoxe hai na Internacional un fráxil equilibrio entre a súa ala imperialista e a súa ala antiimperialista, que Willy Brandt, gracias ao seu prestixio internacional, tenta conciliar.

DE «LE MONDE DIPLOMATIQUE»

- (1) Claude Estier: «La plume au poings», limiar de F. Mitterrand. Ed. Stock, París, 1977, pág. 304.
- (2) Colette Audry: «Les militants et leur morale», Ed. Flammarion, París, 1976.
- (3) Régis Debray: «Les rendez-vous manqués», Ed. du Seuil, París, 1975, pág. 38.
- (4) Jean Lacouture: «Leon Blum», Ed. du Seuil, París, 1977.
- (5) Michel Bataille: «Jaurès», limiar de F. Mitterrand. Ed. Pion, París, 1977.
- (6) Claude Estier, op. cit. pág. 306.
- (7) Cf. Edgar Morin: «Autocritique», Ed. du Seuil, col. Points, París, 1975, pág. 266.
- (8) Foi o goberno Frey, baixo a presión da ala esquerda da democracia cristiá, o que puxo o ILLDIS ás portas de Chile.
- (9) Ebert, dirixente socialista da República de Weimar, ordenou o esmagamento do movemento socialista e do movemento dos Consellos alemáns, afogando en sangue a revolución obrreira da inmediata posguerra (1919-1924). As finanzas da Fundación operan a partir de varias bases, e especialmente de Suíza.
- (10) Cf. co exemplo dos ILLDIS.
- (11) Texto do discurso en «Le Monde» do 21-6-77.
- (12) Horst Ehmke, citado por Gérard Sandoz en «Le Nouvel Observateur» do 28-11-77.
- (13) Cf. «Der Spiegel», n.º 50, 1976.

(*) Diputado socialista por Xenebra no Consello Nacional suízo, profesor de Socioloxía na Universidade e no Institut d'Études du Développement de Xenebra.

CONSIDERACIONES SOBOR DAS ELECCIÓN A CÁMARAS AGRARIAS

Os resultados das eleccións a Cámaras Agrarias supoñen, sen dúbida, unha frustración máis para o pobo galego, amosando expresamente a colonización da nación galega. A devandita frustración rebócha no derradeiro ano coa chanza do referéndum, segue coas eleccións do 15 de sanxoán e pasa polo pacto da Moncloa e pola autonomía de Rosón. O referéndum é a mangancha para asentarmos o neofranquismo, as eleccións do 15 materializan o referéndum, o pacto da Moncloa é o visto-bó das forzas seudo esquerdistas (PCE-PSOE) ao anterior, e a autonomía de Rosón é unha bulra descarada ao pobo galego.

Todo estaba previsto, desde o plano legal, por unha lexislación feita á medida para que gañase a dereita e, desde o plano real, pola disposición das redes caciquís que seguen asoballando ao traballador do agro; e, dito de paso, hai que seguir falando do caciquismo xa que as persoas e os modais son os mesmos de sempre e non de neocaciquismo, como fai o representante do PSOE de Madrid na Xunta, pois o neocaciquismo é outra cousa que se chama socialdemocracia ou axeitamento aos tempos do neocapitalismo, e eso xa sabemos polas mans que ven.

A lexislación foi imposta polo goberno da UCD sen contar para ren xa non só coa parte máis interesada no asunto, os sindicatos democráticos do estado español, senón que xiquera contou coa esquerda parlamentaria. Desto saben moito os pactomocloeiros. A lei é, neste caso, unha pantasma que ñora completamente a realidade, e a súa plasmación é unha farsa que parece que cambia algo para que todo siga igual. En termos xerais, o decreto é uniforme para o estado e, xa que logo, ñora por completo a realidade galega, a parroquia e a bisbarra natural, son conceptos que non aparecen nos dicionarios centralistas, a duración da campaña, o tempo de votación e

os trámites burocráticos estaban feitos para que os sindicatos da esquerda non poidesen facer ren; a dereita non precisou campañas para gañar e as súas influencias na administración son ben coñecidas de todos. A todo isto hai que engadirle o intento do goberno de facer das Cámaras o seu sindicato, baseado no corporativismo e deixándolles aos sindicatos democráticos o dereito a berreacar. Por desgracia, este intento xa está materializado, dados os resultados das eleccións.

As eleccións foron gañadas pola dereita cunhas organizacións cujos nomes eran descoñecidos non somente para os traballadores do agro senón para a xente máis enterada, inda que, eso sí, os apelidos coñecíamolos moi ben porque eso venlle de familia; e gañáronas sen mover unha palla e sen gastar un can porque a dereita en Galicia cando xoga non respeta reglamentos, anque cada día se embolfeire máis, e ten moitísimos anos de entramento na lama e no sangue. Pero, a esquerda tamén gañou se temos en conta as trabas que lle foron postas e os poucos anos de loita, sen esquecer, por outra banda, que a abstención, anque non fose defendida en Galicia por ningún sindicato, é de por si unha postura de esquerda no senso de anticaciquil, xa que o que non votou fíxoo porque viu aos secretarios das vellas «hermandades» facendo candidaturas amarelas, enganando aos labregos aproveitándose da ignorancia, o que non votou fíxoo por unha falla de confianza nas institucións porque polo de agora aínda non se demostrou que as Cámaras seña algo distinto das «hermandades» e vai tardar en demostrarse no noso país, e da confianza que o labrego tiña nas tales «hermandades» xa sabemos todos dabondo.

Esas eleccións foron aproveitadas xa que logo, primeiro, para confirmar as redes caciquís, as cales seguen intactas; segundo, e como consecuencia do anterior, para un afianzamento da UCD no noso agro; terceiro, para que o PSOE trouxera ao agro unhas novas siglas, chamadas FTT, sen historia de loita e sen base labrega, contribuíndo á división sindical e mercendo parte da responsabilidade o propio PCG ao traveso das súas Sociedades Agrarias quen dalgunha maneira foron a partureira que quixo salvar ao PSOE do aborto anque a criatura polo de agora vai precisar unha boa atención quirúrxica; cuarto, amosan a pouca incidencia da esquerda española no agro galego; e quinto unha ignorancia dos xefes das CC. LL. da realidade galega que precisan moitas horas de leccións de marxismo para chegar a entender cól é a contradición fundamental no agro galego e, xa que logo,

encetar a construción das condicións que nos leven a unha loita efectiva contra o caciquismo.

CONCLUSION:

Para que se poidese falar dunhas verdadeiras eleccións no agro tiña que darse xiquera un mínimo de condicións que sinalamos:

Que na elaboración da lexislación ao respecto participase a parte máis interesada, ou seña, os sindicatos democráticos con implantación no estado español. Entón podíamos comezar a falar de democracia.

Que na realización das eleccións ningún órgano da administración tomase partido. Entón podíamos comezar a falar de independencia da administración.

Que se recoñecese a realidade social galega a base dunha potenciación das institucións propias que pesaría por un recoñecemento real da parroquia e da bisbarra natural. Entón podíamos comezar a falar de autonomía.

Que se acordase a unidade de acción dos sindicatos da esquerda con implantación no país para loitar contra o caciquismo. Entón podíamos comezar a falar de coñecemento da realidade do agro galego e de gañas de mellorar a situación.

Que se tome, de paso, en serio a unidade sindical para chegar a facer un soio sindicato galego de clase que supoñería, desde logo, e como principio, a exclusión das forzas seudoesquerdistas españolas que veñen ao agro á procura dos votos sen gardarlle xiquera un mínimo de respecto aos labregos galegos. Entón podíamos comezar a falar de honradez política.

XADA



COTIZACION ADMINISTRATIVA DA PESCA: DE DIRECCION XERAL A SUBSECRETARIA

Por unha recente disposición oficial a administración pesqueira sube un posto no rango burocrático, créase unha Subsecretaría para a pesca e máis para a Mariña Mercante, ambas dependentes do ministerio de Transportes e Comunicacions.

Non sabemos qué extraña relación (supoñemos que decente), pode existir entre unha industria extractiva e produtiva como é a pesca en un ministerio coma o antedito. Se cadra, a perspectiva de Madrid sóo contempla aos camiões que a cotío transportan os peixes e máis os mariscos frescos, desembarcados na Coruña ou en Vigo, até os mercados centrais de Madrid, Valladolid, Barcelona, onde están os grandes asentadores, que de feito teñen o meirande poder de decisión sobre da industria.

Da disposición oficial sóo nos parece interesante o nomeamento da persoa que ocupará a Subsecretaría: D. Victor Moro, vello coñecido nos ambientes pesqueiros polo seu paso efímero pola Dirección Xeral de Pesca, cando esta dependía da Subsecretaría da Mariña Mercante, e ambas do Ministerio de Comercio.

Agora ben, se o mal puido ser peor nomeando a outra persoa incapaz ou descoñecedora do enredo no que se metía, esto non significa que todo o poderá solucionar o Sr. Victor Moro coa súa varíña máxica desde a Corte.

As situación actual das pesquerías galegas é abondo grave como para matinar moi amodo as medidas que se tomen cara a procura de solucións.

Temos primeiramente un descoñecemento enorme respecto das condicións biolóxicas do noso litoral, e por ende, descoñecemos tamén a potencialidade produtiva das nosas augas e fondos.

Esto significa que calquera planificación do sector ten de partir nun principio de simples hipóteses, máis ou menos fundadas na experiencia, pero sen unha base de mínimo rigor científico.

E a repercusión deste feito chega a todos os eldos da produción relacionados coa pesca, a construción de barcos pesqueiros (¿especializados ou polivalentes?), a prohibición ou uso de determinadas artes de pesca, a centralización ou espallamento da infraestrutura e servizos portuarios, a mesma oferta e comercialización dos produtos pesqueiros.

É difícil que todo isto o poida resolver o Sr. Victor Moro desde Madrid, entre outras cousas porque calquera medida de política pesqueira que se adopte terá unhas repercusións sociais, e será refugada ou aceptada socialmente se está axetada ás condicións de cada lugar, o que implica un coñecemento moi polo miúdo desas condicións, o que dudamos que teñan os técnicos de Madrid que elaboren os plans, por moi boas que seña as directrices que marque o Sr. Victor Moro.

Galicia necesita un plan de pesca que coordine a investigación, o marisqueo, a pesca litoral e máis a de altura, os circuitos de comercialización, etc. Un plan que parta da situación actual real, é dicir, do atraso,

do esgotamento dos recursos, da falla de investigación aplicada, da explotación dos mariñeiros.

Esta é a grave responsabilidade do Sr. Victor Moro, se a súa anunciada «regionalización» da pesca vai ser feita desde Madrid e vai vir condicionada polos intereses de sempre (compradores, asentadores, fabricantes), cativo servizo farálle a Galicia. Se pola contra tende a incidir na modificación positiva das actuais relacións de explotación e esnaquizamento da pesca litoral e dos mariñeiros, se son creados os organismos técnicos funcionais galegos que a leven a cabo, ceceais poidamos decir que entramos nunha nova e interesante fase de desenrolo das nosas pesquerías.

O novo Subsecretario ten a palabra.



Arredor do Día
do Rexurdimento

IMPERIALISMO LINGÜÍSTICO E A CONCIENCIA GALEGA

Ademais do imperialismo económico cos seus tobos radiais agachados, do cal pouco a pouco a xente vai tendo coñecemento, existe outro máis visíbel: o imperialismo lingüístico, con fondas raíces políticas, que, consciente ou inconscientemente, tenta matar a lingua dominada, tolleita socialmente. O idioma imposto, a fala común do agro dominante é, coincide coa minoría dirixente. Como anticorpo xurde, ás veces, sentido por unha vangarda adiantada, a toma de conciencia colectiva. E a denuncia deste feito humillante, que conleva a alienación psicolóxica e a perda da identidade cultural, vaixe espallando e fundindo coas reivindicacións sociais e a loita de clases. O problema da implantación do idioma galego móvese, como un factor máis, dentro das coordenadas, conflito burguesía-dominante-proletariado-asoballado, e das libertades democráticas.

GALEGUISMO E DOGMATISMO

A efeméride pasada do Día das Letras Galegas deixounos unha mancha de experiencias e de cavilacións. En 1977 coma no 76, tencionouse capitalizar, co alicerce da verdade absoluta, o quefacer cultural teimudo e silandeiro de moitos, confundindo a opinión do País. Este ano estamos a conmemorar ao escritor Antonio López Ferreiro (1837-1910), que prodiciu máis de cincuenta obras adicadas a estudar o pasado de Galicia.

As figuras escolmadas nas dúas últimas conmemoracións, foron as dos patriotas galegos Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte. Arredor destes nacionalistas os actos celebrados en Galicia foron máis numerosos que nunca.

Nas dúas pasadas xeiras das letras galegas fíxose a deshora, e sen o estouro que matinaron os desfacedores de academias, uns pequenos actos culturais e peticións ás autoridades, mal encarreiradas, a prol da normalización da lingua galega. Vai sendo hora de se deixar de tanto comunicado sensacionalista, demagóxico e ineficaz, que somente serve para que figuren os nomes ou siglas dunhas institucións culturais dirixidas. Ao cabo, moito bruido e poucas noces. A non ser que se tente normalizar a normalización normalizada... Hai que traballar, pois, arreo e con seriedade para que non fique todo en cantos de sireas, e «omniums» oportunistas e abesios. Como siguen dixox, se a loita pola normalización do noso idioma ha de ser diaria, non se ve a razón pola cal o Día das Letras Galegas, hase acordar un armisticio.

Pretender facer ver aos novos —como se dixox en máis dunha parola pública partidaria—, que o milagre da pervivencia da fala popular débese a un fato determinado, semella un dogmatismo infantil e ignorar a nosa Historia. Afirmar pola TV un nacionalista comunista, co gallo da propaganda política das pasadas eleccións, que a vida do noso idioma débese a un xuntoiro descoñecido hai menos de tres anos, é unha simpleza. O idioma galego, que nós selpamos, endexamáis morreu para que veña, agora, un mesías a resucitalo. Presentar como mastro hexemónico e exclusivo a loita dun día, pola normalización no ensino e acadar a oficialidade do noso idioma, lembra o dirixismo cego e feito de imaxinación.

A revolución cultural á que hoxe asistimos non foi labor dun día nin agromou por xeración espontánea nos anos sesenta. Débese, é froito dun proceso de sementeira, de estudos, de publicacións, de conversas socráticas, de decantación ideolóxica e evolutiva das velhas xeracións nacionalistas. Rexurdimento revolucionario comenzo hai máis de cen anos e que, dalgún xeito, albiscaron os ilustrados do século XVIII. Ao cabo, a loita polo cobramento do idioma tomou corpo no idearium político das Irmandades da Fala no ano mil novecentos dezaseis.



E durante a segunda República, o Partido Galeguista empregouno —foi o único grupo político— como instrumento de concienciación e de mobilización de masas. Dos partidos que existían daquela en Galicia só o Partido Galeguista incluíu no seu programa o ensino a varios niveis e o uso oficial da lingua popular e verdadeira dos galegos. Os principios ideolóxicos do P.G., falaban de oficialidade idiomática do galego, pois a Constitución da República demandaba tal emparellamento. Hoxe en Galicia, varios partidos políticos da oposición, —con maior ou menor intensidade—, adican nos seus programas varios puntos á defensa do patrimonio cultural e do uso do idioma de Galicia.

Así pois, a loita polo ensino galego e a normalización oficial da lingua popular ven de lonxe. Nela estiveron comprometidas varias xeracións dun xeito directo ou indireito; desde poetas, historiadores, agrupacións culturais, seminarios de estudos, mestres, políticos, xornalistas, pensadores, mecenas, escritores, ensaístas, filólogos, conferenciantes, editoriais de libros e revistas, artistas, deica os promotores de escritos reivindicativos, o falante teimudo e sementador... e mesmo o máis humilde e sinxelo labrego, artesán ou marifeiro, concienciado ou non. Abaixar a unha pinga ocasional a loita cotiá do eixo espiritual da nosa cultura é minimizar a cuestión.

A NORMALIZACION DO IDIOMA GALEGO: ALTERNATIVAS

É comente matizar o termo «normalización», pois para algúns afevoados promotores a «normalización» redúcese ao eido do ensino. Para nós esta normalización, con ser importante, é restrictiva e dalgúnha maneira insuficiente. A normalización social do idioma galego na nosa Terra ten de ser globalizadora, total, sen deixar fóra sector ningún; ou seña, ten que abranger todos os eidos da nosa vida íntima e de relación como pobo.

Compre ter, xa que logo, as ideas ben claras, cavilar do por qué e cómo acadar o emprego da fala na escrita, na educación, nas relacións sociais, na administración. A recuperación e o movemento a prol do prestixio social da nosa fala hai tempo que está en marcha, mais hoxenda adqueriu un pulo anovador, progresista e xuvenil. Con todo aínda estamos a medio camiño.

O idioma galego terá o porvir e a forza ardua e mobilizadora que os galegos queremos. É urxente a normalización da nosa lingua nacional para rematar coa opresión que desde hai séculos está a aturar o noso idioma. Esta recuperación «natural» da súa doenzia secular pasa, require, un antibiótico político, un poder galego. A lingua, ademais de expresión e de comunicación natural dos galegos, ten que ser o idioma oficial do noso pobo.

Uns pensan só na solución stalinista. Mais hai que ter coidado coa terapéutica violenta e totalitaria para findar coa situación diglósica, dada a realidade dunha masa neutra que fala castelán. Hainos que somente pensan na normalización normativa... Outros, os legalistas a ultranza, poñéndose «tráxicos» da man dalgúns compañeiros de viaxe, que falan de «aniquilación», co seu pesimismo, ven o problema idiomático como un fenómeno das forzas de resistencia, e agardan que o galego «se salve» por real decreto. Ese recoñecemento oficial, con ser ben importante, non é, abofé, o único elemento condicionante para a vida do idioma dun pobo. O poderlo dunha colectividade, a orixe de boa nacencia, a conciencia da personalidade nacional galega, xogan un rol importante. A lingua no país catalán, por exemplo, é vívosa e non perde terreo malia o silencio imposto polo aparello estatal centralista.

INSTITUCIONS DELEGADAS E REALIDADE GALEGA

Fai falla, pois, que os galegos se «empeñen» en facer da súa propia fala a expresión do pensamento, da creación, da relación social, da administración, do ensino, da Igrexa, da profesión, dos medios de comunicación social, etc. Deste xeito, importaría menos que as institucións miméticas en Galicia seguían tercas, rutinarias, colonialistas, recibindo as consignas do sistema oligárquico central, lonxe e de costas á realidade galega. O divorcio das cursuais dos ministerios —que comeza xa a se dar—, sería agonante e evidente. Serían elas, as institucións dependentes, daquela, as que se terían que axear —se desexan subsistir— á nova realidade gañada polos feitos. (Non se pode agardar, por outra banda, a equiparación e o recoñecemento do noso idioma polo sistema centripeto e engulicante. As poucas e pequenas concesións lingüísticas fainas pola presión e porque lle non queda máis remedio ante o medo das reivindicacións colectivas dos nosos dereitos humanos e nacionais). (1)

A FALA NO MEDIO FAMILIAR

En troques tamén ocorre decote, que o labor conciliador que aneiamos para a colectividade, esquecese na propia casa. É na célula familiar onde se deben chantar os primeiros alicerces, os primeiros fundamentos da normalización da lingua.

Neste senso, é de importancia capital a implantación como medio de expresión natural e habitual nas relacións pais-fillos. Se non vai acompañado dese reforzo afectivo pola célula familiar que marca a vida nun senso positivo ou negativo; ou seña, o respecto á lingua ou o autodesprezo; a personalidade enriquecedora ou o complexo alienante. Daquela, os esforzos das clases de galego e do cultivo da gramática, das peticións reivindicativas, da literatura de creación e didáctica, das conferencias, seminarios, a introdución nos medios de difusión social, a oficialización, os esforzos, en suma, por manter a cultura galega e non deixala chuchar pola allea, quedan amingoados polo non uso da lingua nas relacións paterno-filiales.

É o campo familiar onde peta, onde bate sobre todo a responsabilidade histórica das nais galegas, —moitas delas comprometidas xa na loita lingüística, social e política—, teñen que tomar conciencia nacional da súa obriga e responsabilidade coa comunidade da que forman parte, e pasaren a desenrolar un papel importante na liberdade expresiva e no emprego natural do noso idioma verdadeiro. Porque o neno, como dixox Pestalozzi, «fala, quere e fai o que fala, quere e fai a nai».

CONSTANTINO PEITEADO



(1) De todos os xeitos aquí sempre imos paseniño, a remolque. Mentras Tarradellas negocia e existe en Madrid a oficialidade do catalán —sen agardar polo Estatuto nin a Constitución— en Galicia, os representantes franquistas, que negaron a nosa diferenciación, sen dúbida esperarán (non vaia ser que perdán o posto e os acumen de separatistas) que a UCD centralista dea luz verde, e que todo este normalizado e ben normalizado.



A masacre dos armenios de Turquía en 1915

Nin os matachíns asirios, nin as pirámides de testas, nin as cidades arrasadas por Tamerlan, nin os dez milleiros de crucificados agumiando na praia..., deica 1915, a historia na súa sanguineta banalidade non fixera máis que taexar as súas hecatombres. Sen dúbida ningunha, o exemplar xenocidio dos armenios supuxo naquel entón unha radical anovación. No país que a mocidade turca arela ba achegar ao mundo moderno, un equipo gubernamental unido e afouto, o famoso comité *Unión e Progreso*, fixo mentes de aniquilar toda unha comunidade. O proxecto concebido con frialdade suma foi executado fielmente polo aparello de Estado. Un trío sanguinario de pachás, *Talaat, Enver, Djemal*, desenxacouse mercede á guerra mundial do *Problema Armenio*.

Do drama que se encetou o 24 de abril de 1915 coa detención de centos de intelectuais e persoeiros armenios de Constantinopla, sábese cáseque todo. Conócense dúas cifras: A comunidade armenia contaba con 2.000.000 de membros denantes da guerra mundial pese ás masacres de 1895. O censo de 1927 rexistía 64.000 ánimas. A diferenza está composta de arrepiro, morte e exilio.

MARTIRIZADOS CON METODO E ASAÑO

Existen arrepiuzantes testemuñas de viaxeiros e diplomáticos que presenciaron como un pobo de campesiños era martirizado con método e furor. A gandallada de xendarmes rivalizaba en atopar os tormentos máis doirosos, como nunha tirapuxa aberta polo comité *Unión e Progreso*. Dególase, arrapáñase, viólase, arrámpiase pra os harems, éibase pra escarmento. Esta arrepiuzante ladaiña será contada por primeira vez por un misioneiro alemán, Johannes Lepsius, en 1919. No seu libro arremuíñanse imaxes que se nos farán familiares cando o holocausto xudeo. «Fáiselles camiñar, mulleres e nenos, a puñazos e a paus» polo deserto, sen auga, contra os campos de Mesopotamia. Antes das S. S. xa se *selecciona*. O cónsul alemán de Kharpout escribe nun informe elevaronse médicos para examinar as mozas máis xeitosas, co fin de non coller máis que as mellores...». Todo un pobo debe morrer e compréndeo. Aquelas nais que afogan os fillos no paso dos ríos, aqueles deportados degoírando o intre inescudíbel, anuncian os trens lacrados que un cuarto de século máis tarde rodarán cara os matadeiros de Polonia. Os cónsules alemáns utilizan xa nos seus informes unha verba que fará fortuna, *Konzentrationslager*.

UN EXTERMINIO MATINADO

J. M. Carzou amosa este xenocidio exemplar, noutro libro, como a aniquilación deliberada dunha etnia e a súa negación cultural. Un império agumiante,

UN XENOCIDIO EXEMPLAR

Por P. J. F.

disposto a esfargallar a unha minoría debería ter en conta a *opinión pública internacional*. Nin Estados Unidos, nin Francia, nin Gran Bretaña intervirán. Alemaña, aliada, cala ou fala como o fai o seu agregado naval co embaixador americano: «Non censure procedimentos perfectamente xustificadas, cando o pobo máis feble debe morrer».

Deste xenocidio mascarado —razón de estado que parou en choqueira— *sobexan todas as testemuñas para garantir a tremenda autenticidade*. «O dereito dos armenios a vivir e traballar no territorio de Turquía queda totalmente abolido». Toda *inxerencia* caridosa é rexeitada con arruallo. Os armenios son trasladados a *localidades máis seguras*. É unha medida *lóxica e legal*. Ademais trátase de *inxurdentes* estreitamente vencellados coa Rusia nemiga. Hai xustificacións dabondo, mesmo se, como Talaat dixo a un diplomático, «Xa sabemos que moitos dos deportados son totalmente inocentes...».

O CRIME PERFECTO

Desde hai sesenta anos, os armenios da Diáspora interróganse sobre o seu destino. ¿Tiveron a mala sorte de habitar na Anatolia, no corazón dun imperio en vías de esnaquizamento, a discreción de nacionalistas dispostos a todo con tal de que as migallas fosen homoxéneas? ¿Debeuse á divina sorpresa da guerra que permitiu arranxar definitivamente o problema sen molestias? O que é certo en calquera caso é que se fixo esencialmente perigoso para os armenios seguir existindo en tanto que etnia viva e artellada. Correxida esta anomalía, Ankara non arrengaría xamais dos crimes cometidos, agás dun curto período despois da caída do comité.

O xefe dos asasinios Talaat xaz nun mausoleo de Estambul. A cuestión armenia deixou de se plantexar. Cando algún oficial estranxeiro impertinente fai algunha alusión, o embaixador turco retrácese. Cando un representante de Massachusetts pretende someter a votación a celebración da masacre, o Departamento de Estado responde que «Tal medida sería inoportuna en razón das nosas actuais relacións con Turquía».

Un armenio cofecido, Aznavour, canta *Aqueles que caíron cubertos por un manto de areia e logo de esquencimento*. Os centos de miles de vítimas do primeiro xenocidio do século sucumbiron nun *crime perfecto*. No Estado herdeiro dos camifexes de xudeus, os compatriotas do chanceler Schmidt esconxuraron os fadaíres do pasado. Aínda hoxendía os turcos néganse a facelo. O exterminio ficou disfrazado de irmán ximelgo da frias razón de Estado. Por eso J. M. Carzou conclúe xustamente o seu libro cunha irónica homenaxe a *ese crime ben feito, a ese xenocidio que tivo lugar*. Auschwitz sen Nuremberg, sangue xamais verquida que o sol de sesenta veráns inda non enxoiou.

Biblioteca de Comunicación
I Hemeroteca General
CEDOC